


EXPTE. Nº: 5/PC16/OBRAS/2016: "INSTALACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS E ABASTECIMENTO DE AUGA"- LIÑA 1

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Aprobado o expediente de contratación, mediante procedemento negociado para a adxudicación da obra de **"INSTALACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS E ABASTECIMENTO DE AUGA"- LIÑA 1**, investimento financiado ao 100% pola Deputación Provincial de Pontevedra, dentro do Plan Concellos 2016.

Presentada a documentación, sinalada na cláusula 11ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, que rexe esta contratación, o 14 de marzo de 2017 (entrada nº 2416), requirida ao licitador que obtuvo a maior puntuación, de acordo ao disposto no informe técnico de valoración das ofertas admitidas, tras a fase de negociación do contrato efectuada o 6 de marzo de 2017, emitido polo enxeñeiro técnico municipal, Don José María Troncoso Viñas o 7 de marzo de 2017, e á vista da fiscalización positiva/favorable emitida ao respecto pola Intervención Municipal en data 9 de marzo de 2017, esta alcladía **RESOLVE:**



1º) Adxudicar, o contrato da obra de "INSTALACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS E ABASTECIMENTO DE AUGA"- LIÑA 1, á empresa "CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES SA (COVSA)" conforme ao Prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto técnico polo que se rixe esta contratación e a oferta presentada polo adxudicatario durante a fase de negociación, que executará as obras polo **prezo** de SETENTA E TRES MIL TRESCENTOS TRINTA EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (73.330,58 €) SEN IVE, O IVE ASCENDE A QUINCE MIL TRESCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON CUARENTA E DOUS (15.399,42 €), RESULTANDO UN **PREZO TOTAL CON IVE DE OITENTA E OITO MIL SETECENTOS TRINTA EUROS (88.730,00 €)**, debendo procederse a súa formalización en documento administrativo dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación ó adxudicatario, conforme o sinalado na cláusula 13ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

2º) Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

A esta licitación foron invitadas tres empresas, e todas elas presentaron proposición para optar á súa contratación, sendo admitidas todas as presentadas, que son as que continuación se citan:

Plica núm. UN: Presentada o 22 de febrero de 2017 no rexistro xeral do Concello de Sanxenxo co nº de entrada 1645 por Don Jesús Fontán Piñeiro, en representación da mercantil CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A (COVSA). De conformidade co informe técnico de data 7 de marzo de 2017 de valoración das proposicións presentadas, tras a fase de negociación, celebrada o 6 de marzo de 2017, e que obra no expediente, o enxeñeiro técnico municipal outórgalle á plica 9,36 puntos polo criterio de prezo e 4,63 puntos polas melloras do incremento da calidade, obtendo unha **puntuación total de 13,99 puntos**.

Plica núm. DOUS: Presentada o 22 de febrero de 2017 no rexistro xeral do Concello de Sanxenxo co nº de entrada 1654 por José María Iglesias Casal, en representación da empresa MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. De conformidade co informe técnico de data 7 de marzo de 2017 de valoración das proposicións presentadas, tras a fase de negociación, celebrada o 6 de marzo de 2017, e que obra no expediente, o enxeñeiro técnico municipal outórgalle á plica 6,73 puntos polo criterio de prezo e 00,00 puntos polas melloras do incremento da calidade, obtendo unha **puntuación total de 6,73 puntos**.

Plica núm. TRES: Presentada o 23 de febrero de 2017 no rexistro xeral do Concello de Sanxenxo co nº de entrada 1718 por Don Antonio Pérez Pérez, en representación da persoa xurídica EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. De conformidade co informe técnico de data 7 de marzo de 2017 de valoración das proposicións presentadas, tras a fase de negociación, celebrada o 6 de marzo de 2017, e que obra no expediente, o enxeñeiro técnico municipal outórgalle á plica 3,53 puntos polo criterio de prezo e 00,00 puntos polas melloras do incremento da calidade, obtendo unha **puntuación total de 3,53 puntos**.

3º) Aprobar o gasto, con cargo á partida orzamentaria 16001 / 62300 por un importe de 88.730,00 € (IVE engadido).



4º) Unha vez formalizado o contrato e antes do comezo das obras, o contratista elaborará e presentará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de **quinze (15) días naturais** dende a firma do contrato, un **Plan de Seguridade e Saúde** na execución da obra, en aplicación do Estudo de Seguridade e Saúde que figura no proxecto de execución da obra e que reunirá os requisitos establecidos no art.7 do R.D. 1627/97, do 24-X, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras. O Plan, previamente informado polo Coordinador de Seguridade e Saúde, aprobarase, se procede, pola alcaldía ou concelleiro/a en quen delegue, facéndose constar que sen esta aprobación non poderán comezarse as obras, sendo por conta do contratista calquera responsabilidade derivada da execución das obras sen a aprobación do Plan.

5º) Dentro do prazo de **quinze (15) días naturais** dende a formalización do contrato o Director procederá, en presenza do contratista, a efectuar a

comprobación do replanteo, estendéndose acta do resultado que asinarase polas dúas partes, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.

6º) O adxudicatario, deberá colocar ao inicio das obras, na data da comprobación do replanteo, o cartel de obra, que deberá axustarse ao disposto nas Bases do Plan Concello 2016, custo que será a cargo do contratista.

7º) Antes do inicio das obras, e de acordo co disposto na autorización outorgada polo director de mobilidade da Deputación Provincial para a realización das obras na estrada EP 9210 acceso a Rouxique, que forma parte do expediente, (expte. Provincial nº 2016001026) o adxudicatario deberá depositar unha fianza de 7.000,00 euros ante a Deputación Provincial, documento que deberá presentar neste Concello, con carácter previo á sinatura da Acta de comprobación de replanteo.

8º) O órgano de contratación deberá comunicar aos técnicos provinciais, designados para o seguimento desta obra, cun mínimo de SETE (7) DÍAS NATURAIS, a data, hora e lugar do acto de comprobación do replanteo das obras, para que poidan estar presentes. De acordo ao disposto na comunicación da Deputación Provincial, que tivo entrada neste concello o 26 de xullo de 2016 co nº 8002, será o Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, Don Eugenio J. Marcote Carballo ou o Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Don Sergio F. Bastianello, aos que se lle comunique o anteriormente sinalado, a través dos seguintes correos electrónicos:

eugenio.marcote@depo.es
608.69.64.46

sergio.bastianelli@depo.es
669.33.52.45

9º) Notificar esta resolución a todos os licitadores presentados a este procedemento de contratación.


Dada en Sanxenxo a dezasete de marzo de dous mil dezasete.

O alcalde



Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, secretario xeral



Ángel Luis López Pita